



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS
(ACTA NÚMERO 49)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as. Deputados/as:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e dous de decembro de dous mil vinte e dous**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria- Intereventora dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten as señoras deputadas dona Mayra García Bermúdez e dona Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E DOUS.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de decembro de dous mil vinte e dous que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DO LOTE 2 (CALENDARIOS) DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EDICIÓN COMPLETA DA AXENDA E DO CALENDARIO INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a acta da mesa de contratación do día 16 de decembro de 2022, na que se recolle o seguinte:

“Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7A47QTPBZ3RTU4DVUS6UCUKM.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A6DZCFHWPZG4LUB4FAVYOL4.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7AYQDLABMDUS56YE5E55H7GI.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV.



5. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AYQCZFBRNWTP25UORH3XW6M.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7AYX34KDUMJ2W4YX4UC4TW4I.

7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7AY3AJMAWI3RBMUYURIMS6KI.

8. Acordo da Xunta de Goberno de data 21 de outubro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7AYEIDB5E4X7X4WJVM7Y7D7Y.

9. Anuncio de licitación, publicado na plataforma de contratación do sector público o día 24 de outubro de 2022.

10. Acta da Mesa de Contratación do día 11 de novembro de 2022, con CSV: IV7AEILKHQXLRW5CQP4HEESW6E, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

LICITADORES	LOTES AOS QUE SE PRESENTA
GRAFICAS EUJOA S.A.	1, 2
GRAFO S.A.	1
PRINTER BROK 2010 S.L.	1
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	1, 2

Procédese á apertura do sobre electrónico único, resultando que o Anexo I, declaración responsable sobre o cumprimento de requisitos previos, presentado por todas as empresas concorrentes se axusta aos requisitos mínimos esixidos no prego de cláusulas administrativas, tanto en forma como en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir as propostas presentadas procedendo acto seguido ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliáveis automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

Lote 1: Axendas.

LICITADORES	PREZO OFERTADO	NOTA PREZO	INCREMENTO N° FOLLAS	NOTA N° FOLLAS	MELLORA TEMPO ENTREGA	NOTA TEMPO ENTREGA	NOTA TOTAL
GRAFICAS EUJOA S.A.	8,00 €	78,08	10	6	22	1,82	85,90 €
GRAFO S.A.	7,85 €	79,57	1	0,6	25	1,6	81,77 €
PRINTER BROK 2010 S.L.	6,94 €	90	10	6	20	2	98,00 €
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	7,99 €	78,17	0	0	20	2	80,17 €

Lote 2: Calendarios.

LICITADOR	PREZO	INCREMENTO N° DE FOLLAS	MELLORA TEMPO ENTREGA
GRAFICAS EUJOA S.A.	2,32 €	10	22
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	2,17 €	0	20

Unha vez comprobado que ningunha das ofertas presentadas está incurso en posible baixa desproporcionadas ou anormal, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

Lote 1: Axendas.

LICITADORES	NOTA PREZO	NOTA N° FOLLAS	NOTA TEMPO ENTREGA	NOTA TOTAL
GRAFICAS EUJOA S.A.	78,08	6	1,82	85,90
GRAFO S.A.	79,57	0,6	1,6	81,77
PRINTER BROK 2010 S.L.	90	6	2	98,00
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	78,17	0	2	80,17

A vista das puntuacións acadadas, a mesa de contratación acorda requirir á empresa Printer Brok 2010 S.L. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

Lote 2: Calendarios.

LICITADOR	NOTA PREZO	NOTA Nº FOLLAS	NOTA TEMPO ENTREGA	NOTA TOTAL
GRAFICAS EUJOA S.A.	84,18	6	1,82	92
TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	90	0	2	92

Visto que no lote 2 se produce un empate entre dous licitadores, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, aplicar o establecido na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas, onde se recolle que: “No caso de que dúas ou máis propostas obtivesen a mesma puntuación unha vez aplicados a totalidade dos criterios de adxudicación terán preferencia na adxudicación do contrato aquelas empresas que teñan no seu equipo un número de persoas con discapacidade superior ao 2% do seu cadro de persoal, sempre e cando a empresa tivese incluído, a declaración debidamente cumprimentada.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditasen ter relación laboral con persoas con discapacidade, nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña de maior porcentaxe de persoas con contrato fixo con discapacidade no seu equipo. (...)

No caso de persistir o empate na proposición económica aplicaranse os criterios fixados no artigo 147.2 da LCSP”.

Tendo en conta que as empresas concorrentes ao lote 2 non teñan na data de presentación da súa oferta no seu plantel persoas con discapacidade, a mesa de contratación acorda requirir ás empresas Gráficas Eujoa S.A. e Ta Ta Ta Comunicación S.L. para que, dentro do prazo de tres días hábiles presenten a seguinte documentación:

Declaración responsable na que se recolla expresamente o número de persoas con discapacidade, o número de persoas con contrato fixo e o número de mulleres traballadoras, coas que contaba a empresa no seu cadro de persoal o día 08 de novembro de 2022.

A efectos de comprobar a veracidade da declaración, as empresas que se atopen en situación de empate, deberán achegar a seguinte documentación:

Último Documento RNT (relación nominal de traballadores), correspondente a todo o persoal da empresa, e no caso de variación copia do contrato.

Relación de traballadores con discapacidade, acompañado dos contratos de traballo dos mesmos e do documento oficial que acredite o grado e vixencia da discapacidade.

No caso de persistir o empate na proposición económica aplicaranse, de conformidade co artigo 147.2 da LCSP e coa cláusula décimo segunda do PCAP, desfarase o empate por sorteo.”

11.- Acta da mesa de contratación, reunida o día 29 de novembro de 2022, con CSV: IV7AHSLKJ56STZHTW74ML4CXM4, na que se recolle o seguinte:

“En primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que a empresa Printer Brok 2010 S.L., presentou para o Lote 1 a documentación do artigo 159.4 da LCSP no prazo concedido a tales efectos.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos ao Lote 1 Axendas, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:



Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	PRINTER BROK 2010 S.L.	98,00
2	GRAFICAS EUJOA S.A.	85,90
3	GRAFO S.A.	81,77
4	TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	80,17

2º.- Adjudicar á empresa Printer Brok 2010 S.L. o Lote 1 (axendas) da contratación do Servizo de edición completa da axenda e do calendario institucional da Deputación de Lugo, por importe máximo de 12.000,00 euros, aos que se engadirán 2.520,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 14.520,00 euros, por un prezo unitario por axenda que ascende a 6,94 euros, aos que se engadirán 1,46 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 8,40 euros, nun prazo máximo de 20 días hábiles, ofertando sen custe para a administración contratante 10 follas nas probas de imprenta, a maiores das descritas como obrigatorias no PPT.

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adjudicación aos efectos oportunos.

En canto ao Lote 2: Calendarios, a mesa de contratación, tendo en conta que a documentación presentada polas empresas Gráficas Eujoa S.A. e Ta Ta Ta Comunicación S.L., co obxecto de desfacer o desempate non permite comprobar a veracidade das declaracións responsables achegadas polas empresas, acorda requirir a éstas para que presenten no prazo de tres días hábiles a seguinte documentación complementaria:

Informe de vida laboral do código de conta de cotización da empresa (varios en caso de ter máis dun código de cotización).

Comunicación de alta ao SEPE.

Contra o presente acto, por tratarse de un acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

11. Acta da Mesa de Contratación do día 12 de decembro de 2022, con CSV: IV7BVTHK3BU4STO4SRHCNZRUIQ, na que se recolle o seguinte:

“Reunida a mesa de contratación o día de hoxe, 12 de decembro de 2022, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que as empresas Gráficas Eujoa S.A. e Ta Ta Ta Comunicación S.L., presentaron a documentación requirida co obxecto de desfacer o empate no prazo concedido a tales efectos.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta, quedando acreditado que a empresa Gráficas Eujoa S.A. conta no seu plantel cun 100% de traballadores indefinidos e a empresa Ta Ta Ta Comunicación cun 75% de traballadores indefinidos.

De conformidade cos criterios fixados no artigo 147.2 da LCSP, o empate entre as empresas Gráficas Eujoa S.A. e Ta Ta Ta Comunicación S.L., tendo en conta que ningunha das empresas contra con traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social, o empate resólvese a favor da empresa Gráficas Eujoa S.A., posto que é a que ten o menor porcentaxe de contratos temporais no seu cadro de persoal.

A vista da documentación achegada e das puntuacións acadadas, a mesa de contratación acorda requirir á empresa Gráficas Eujoa S.A. para que, no prazo de sete días hábiles, achegue a documentación relacionada na cláusula décimo sétima do PCAP, de conformidade co artigo 159.4 da LCSP, sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.”



Reunida a mesa de contratación o día de hoxe, 16 de decembro de 2022, en primeiro lugar dáse conta aos asistentes de que se incorporaron de oficio os certificados de débedas da documentación da empresa Gráficas Eujoa S.A., certificado de alta no IAE e certificado do rolece no que consta o obxecto social da empresa e a condición de administrador único do asinante da proposta.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta, quedando acreditado que a empresa Gráficas Eujoa S.A. conta no seu plantel cun 100% de traballadores indefinidos e a empresa Ta Ta Ta Comunicación cun 75% de traballadores indefinidos.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Clasificar aos licitadores admitidos ao Lote 2 (calendarios), atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	GRAFICAS EUJOA S.A.	92
2	TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	92

Adxudicar á empresa Gráficas Eujoa S.A. o Lote 2 (calendarios) da contratación do Servizo de edición completa da axenda e do calendario institucional da Deputación de Lugo, por importe máximo de 4.500,00 euros, aos que se engadirán 945,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 5.445,00 euros, por un prezo unitario por calendario que ascende a 2,32 euros, aos que se engadirán 0,49 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 2,81 euros, nun prazo máximo de 22 días hábiles, ofertando sen custe para a administración contratante 10 follas nas probas de imprenta, a maiores das descritas como obrigatorias no PPT.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao Servizo de Intervención para que proceda á fiscalización previa á adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Clasificar aos licitadores admitidos ao Lote 2. Calendarios, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Nº ORDE	LICITADOR	PUNTUACIÓN ACADADA
1	GRAFICAS EUJOA S.A.	92
2	TA TA TA COMUNICACIÓN S.L.	92

2º.- Adxudicar á empresa Gráficas Eujoa S.A. o Lote 2 (calendarios) da contratación do Servizo de edición completa da axenda e do calendario institucional da Deputación de Lugo, por importe máximo de 4.500,00 euros, aos que se engadirán 945,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 5.445,00 euros, por un prezo unitario por calendario que ascende a 2,32 euros, aos que se engadirán 0,49 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 2,81 euros, nun prazo máximo de 22 días hábiles, ofertando sen custe para a administración contratante 10 follas nas probas de imprenta, a maiores das descritas como obrigatorias no PPT.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Instar á formalización do contrato, que se efectuará pola firma da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, conforme ao previsto no artigo 159.6 letra g) da LCSP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 4 DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PRECISOS PARA A MATERIALIZACIÓN DO PLAN DE MEDIOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento ao que prestou conformidade a Secretaría Xeral, no que se recolle o seguinte:

“Antecedentes.

1. Acordo da Xunta de Goberno do día 18 de agosto de 2020, polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV672PCY3DZORKHNU37BCY7AIQ.

2. Acordo da Xunta de Goberno do día 13 de novembro de 2020, relativo á adxudicación do Lote 4 do contrato de servizos precisos para a materialización do plan de medios da Deputación de Lugo a favor de Canle de Comunicación S.L., con CSV: IV7G63XIGDRNTPVN2P5UF4BX6U.

3. Formalización do contrato, datada o día 09 de decembro de 2020, con CSV: IV7G27P2IEZIJSV5XR7T55S7GI.

4. Escrito presentado o día 02 de decembro de 2022 (RXE nº 2022RT016945) por Galicia Media S.L. e Canle de Comunicación S.L., no que se interesa a cesión do contrato a favor de Galicia Media S.L.

5. Informe do Responsable do contrato, con CSV: IV7BWWHIZUN6VNH7QLWRE47PEU.

Lexislación Aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sinperjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sinperjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.



Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte:

“Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal....”

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base a criterios estrictamente económicos e avaliábelos automáticamente mediante fórmulas matemáticas, contidos no apartado “N” do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, circunstancias éstas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con



división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Responsable do Contrato, con CSV: IV7BWWHIZUN6VNH7QLWRE47PEU, no que se recolle que o cedente ten executado, polo menos, un 20 por 100 do importe do contrato.

Sexta.- Cúmrese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tengacapacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigidoal cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

Galicia Media S.L., acreditou que se atopa clasificado no Grupo T, Subgrupo 01, Categoría d. Consta no certificado emitido polo Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia obxecto social suficiente para a execución das prestacións obxecto desta cesión.

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia /clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

b) Dende o momento do outorgamento desta escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

c) Consta constituída garantía definitiva por importe de 7.428,68 euros.

Oitava.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Novena.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.



Conclusión: Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados, debendo completarse os trámites indicados e someterse á previa fiscalización.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito.”

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión das prestacións determinadas no Lote 4 do Contrato dos servizos precisos para a materialización do Plan de Medios da Deputación de Lugo a favor de Galicia Media S.L.U. O cedente, Canle Comunicación S.L. leva executado mais do 20% do esixible para poder levar a cabo a cesión.

2º.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.

3º.- A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022.

Escrito do Concello de Barreiros, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 19 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Barreiros, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (19) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28/12/2021 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 10/01/2022.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/ actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2023, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no Plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2023.”



3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 05/04/2022, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Barreiros presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BARREIROS	19	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS O VAL DO CAINZO, O MORTEIRO, DE LU-133 A LÍMITE MUNICIPAL, MATOMAIOR, VILADAIDE, AS EIRAS, RIO, AS BOUZAS-SUAGREXA, NOGUEIREDO, A BARROSA, O BARRAL, O XUNCAL, NOVÁS E VILAR	1531.76201	21.251,81€

5. Por escrito de data 13/12/2022 o Concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACION DE ACCESOS ENTRE ESCOLA VILAMARTIN PEQUEÑO E CURRÁS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	0,00 €	21.251,81€	21.251,81€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2022, “...Os investimentos/ actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Barreiros, no Plan Único 2022.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Barreiros e incluír no PUC/22, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BARREIROS	REM	PAVIMENTACION DE ACCESOS ENTRE ESCOLA VILAMARTIN PEQUEÑO E CURRÁS, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	0,00 €	21.251,81€	21.251,81€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Excavación arqueolóxica e conservación do Castro de Arxeriz” na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Fundación Xosé Soto de Fión, co obxecto de colaborar



no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Excavación arqueolóxica e conservación do Castro de Arxeriz”, polo importe de 39.000,00€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 19.500,00€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2022, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.

2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Acreditación de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

4. Declaración responsable do representante da entidade de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

5. Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne tódolos requisitos para optar á subvención, conformado pola Presidencia.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral, e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende subvencionar encaixa dentro da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, contribuíndo á consecución do seu obxectivo estratéxico de conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.).

En concreto, a actuación a subvencionar enmárcase dentro das previsións do apartado c) de actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 da Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área de Presidencia, do vixente Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022.

O obxecto que se persegue con esta subvención é poñer en valor e potenciar todas aquelas entidades que desenvolvan actuacións que xiran en torno ao asociacionismo e a participación e colaboración cidadá, que redunden en beneficios para a colectividade e xeren riqueza para o territorio no seu aspecto máis amplo.

Neste caso, trátase de fomentar a análise, o estudo e a recuperación e conservación dunhas instalacións que en tempos pasados se configuraron como asentamento veciñal, constituíndo un verdadeiro nexa de unión social, e en torno ao cal se desenvolveu a vida e a economía da veciñanza. Trátase de fomentar e poñer en valor unha forma de convivencia comunitaria, a través da cal se agrupaba a sociedade, e na que a participación e colaboración social eran a base para o desenvolvemento económico e social.

Polo tanto, trátase de fomentar e promocionar formas organizativas da sociedade, a través de organizacións comunitarias, nas que a participación e a colaboración social sexa a característica e a solución para acadar vantaxes fronte aos problemas que lle afectan á colectividade.

En resume, trátase de resaltar, fomentar e potenciar todo o que implique participación social, facendo que a sociedade se sinta e sexa suxeito partícipe das solucións aos problemas que lle afectan, e configurándose así como elemento xerador de riqueza para o territorio e a sociedade, no seu aspecto máis amplo.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 39.000,00€, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Excavación arqueolóxica e conservación do Castro de Arxeriz”, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratégico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2022 para esta liña (Anexo I).



2º.- Aprobar o gasto de 39.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor da entidade Fundación Xosé Soto de Fión, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Excavación arqueolóxica e conservación do Castro de Arxeriz”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa de transformación agraria S.A, SME, MP (TRAGSA)” ao Concello de Vilalba para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de limpeza e control de accesos en diversas instalacións municipais do Concello de Vilalba.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para a cesión por parte da deputación do su medio propio "Empresa de Transformación Agraria S.A, SME, MP (TRAGSA)” ao concello de vilalba para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de limpeza e control de accesos en diversas instalacións municipais do Concello de Vilalba.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Vilalba (EXP 2022/PES_03/025043) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA)” ao Concello de Vilalba para a realización de actuacións

urxentes tendentes á prestación do servizo de limpeza e control de accesos en diversas instalacións municipais do Concello de Villalba, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emíttese o seguinte informe:

Legislación aplicable.

Constitución Española (CE).

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. (LBRL).

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local. (TRLBRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local.

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROF).

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. (LCSP).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. (LRXSP).

Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se Desenrola o réxime xurídico da Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC).

Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Consideracións xurídico administrativas.

a) En materia de convenios de cooperación.

Legislación de réxime local.



Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALGA ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecvente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao recoller que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a

colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do TRLBRL dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da LRXSP indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta Lei: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas



respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da LRXSP dispón que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 da LRXSP, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da LRXSP e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.



4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

En base ao anteriormente exposto:

1º. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran

formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualdo legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

2º. Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa

3º. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”. Nin é de aplicación a lexislación xeral en materia de subvencións.



b) En materia de cesión de medios propios/encargo a medios propios.

Primeira.- TRAGSA como medio propio da Deputación de Lugo.

No artigo 2 do Real Decreto 69/2019, do 15 de febreiro, polo que se desenrola o réxime xurídico da Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGASA) e da súa Filial Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSATEC) dispónse que:

“1. De acordo co establecido na disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, TRAGSA e TRAGSATEC terán a consideración de medio propio personificado e servizo técnico da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla, dos cabidos e consellos insulares, da deputacións forais do País Vasco, das deputacións provinciais e das entidades do sector público dependentes de calquera delas que teñan a condición de poderes adjudicadores, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 32.2.d) 2º da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e nas letras a) e b) do apartado 4 do mesmo artigo.

2. As listadas administracións públicas deberán participar no capital social de TRAGSA mediante a adquisición de accións cuxa alleamento será autorizada polo Ministerio Facenda a iniciativa do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación (apartado 3 da disposición adicional vixésima cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro) (...)”

E no mesmo senso se pronuncia a Disposición Adicional Vixésima da LCSP.

Segunda.- Regulación dos encargos dos poderes adjudicadores a medios propios personificados.

No apartado 32.1 dá LCSP regúlase os encargos dos poderes adjudicadores ao establecer que “1. Os poderes adjudicadores poderán organizarse executando de maneira directa prestacións propias dos contratos de obras, subministracións, servizos, concesión de obras e concesión de servizos, a cambio dunha compensación tarifaria, valéndose doutra persoa xurídica distinta a eles, xa sexa de dereito público ou de dereito privado, previo encargo a esta, con suxeición ao disposto neste artigo, a condición de que a persoa xurídica que utilicen mereza a cualificación xurídica de medio propio personificado respecto deles de conformidade co disposto nos tres apartados seguintes, e sen prexuízo dos requisitos establecidos para os medios propios do ámbito estatal na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O artigo 32.2 LCSP contén os requisitos que deben concorrer de maneira acumulativa nos medios propios personificados respecto dunha única entidade concreta do sector público, para que

podan realizarse os encargos polos poderes adxudicatarios. Sendo o apartado 4 do artigo 32 da LCSP o que regula os requisitos que deben concorrer nos medios propios personificados respecto de dous ou mais poderes adjudicadores que sexan independentes entre sí, entre os que se atopa a remisión ao artigo 32.2.d 2º do mesmo texto normativo.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto, informase favorablemente que por parte da Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Apreciar que concorren as razóns de urxencia, en base o contido da resolución da alcaldía nº 2022-0769 de data 16 de decembro de 2022 do Concello de Vilalba, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA)” ao Concello de Vilalba para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de limpeza e control de accesos en diversas instalacións municipais do concello de Vilalba.

Aprobar o borrador do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA)” ao Concello de Vilalba para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de limpeza e control de accesos en diversas instalacións municipais do concello de Vilalba”.

En base ao anteriormente exposto proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Determinar que concorren as razóns de urxencia, en base o contido da resolución da alcaldía nº 2022-0769 de data 16 de decembro de 2022 do Concello de Vilalba, para a realización por parte de TRAGSA, como medio propio da Deputación, das actuacións necesarias descritas no convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P



(TRAGSA)” ao Concello de Vilalba para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de limpeza e control de accesos en diversas instalacións municipais do Concello de Vilalba.

2º.- Aprobar o borrador do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a cesión por parte da Deputación do su medio propio “Empresa Transformación Agraria, S.A, S.M.E, M.P (TRAGSA)” ao Concello de Vilalba para a realización de actuacións urxentes tendentes á prestación do servizo de limpeza e control de accesos en diversas instalacións municipais do Concello de Vilalba.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz para cooperar no financiamento da “Reparación e remate de beirarrúas na seara e honorarios” ano 2022.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Alfoz (EXP- 2022/PES_03/024943) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Alfoz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “reparación e remate de beirarrúas na Seara e honorarios”, por importe total de 148.759,49€ (dos que os 141.321,52 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 7.437,97 € serán financiados polo Concello de Alfoz), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que



poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na

súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou máis Administracións públicas, ou ben entre dous ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros



deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público- público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico- administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).



Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Alfoz ostenta competencias propias, entre outras, nas materias de: infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, en virtude do establecido no artigo 25.2 da LRBRL. Asemade, con independencia das competencias que naquelas materias lle atribúan a lexislación estatal e/ou autonómica, o artigo 26 da mesma LRBRL establece a obriga de que todos os Municipios deberán prestar, entre outros: o acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta

e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 141.321,52 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020).

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Alfoz para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reparación e remate de beirarrúas na Seara e honorarios” por importe total de 148.759,49 €, cuxa eficacia queda condicionada á cesión das vías provinciais afectadas por dita actuación.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 141.321,52 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Cuarto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención directa excepcional a outorgar pola excma. Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Distribuidores de Hostalería e Alimentación de Lugo para colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Punto TESP” na anualidade 2022.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Asociación de Distribuidores de Hostalería e Alimentación de Lugo, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Punto TESP” polo importe de 15.000€, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe da Unidade administrativa xestora no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
2. Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.
3. Declaración do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

4. Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do Convenio.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa no Anexo I sobre as liñas de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2022, actualizado por acordo de Xunta de Goberno de data 4 de febreiro de 2022, do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo 2020 - 2022 (PES), aprobado por resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, na liña 4.1.c: Fomento da Promoción Económica e Social da Provincia de Lugo, da Área de Promoción Económica e Social - Emprego, xa que na mesma se recollen os obxectivos de consolidar o sector privado, afianzando a súa actividade, e xerar un desenvolvemento sustentable que dinamice o mercado laboral no territorio e xerar un tecido empresarial sólido no que se asenten as bases do futuro da provincia.

O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta subvención e aprobación do convenio no que se instrumenta é a Xunta de Goberno, en base ao establecido na base 24.4 das Bases de Execución do Orzamento Provincial para o ano 2022, que indican que o órgano competente para o outorgamento de subvencións de concesión directa de carácter excepcional é o Presidente, sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00€ de xeito individual, sendo a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores.

No presente caso, trátase dunha actividade englobada dentro da competencia da Deputación, que se refire á colaboración co beneficiario para o financiamento dos gastos derivados da actuación “Punto TESP”. Esta actuación consiste na posta en marcha dunha oficina técnica que ofrezca un asesoramento especializado sobre as axudas dispoñibles e formación ao sector.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:



1º.- Aprobar a excepcionalidade e se outorgue a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 15.000 €, a favor da entidade Asociación de Distribuidores de Hostaleira e Alimentación de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Punto TESP” na anualidade 2022, subvención incluída na Liña 4.1.c – Promoción económica e social da provincia de Lugo da Área funcional de Promoción Económica e Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 15.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4330.48900 do vixente Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2022, a favor da entidade Asociación de Distribuidores de Hostaleira e Alimentación de Lugo, para sufragar os gastos derivados da actuación “Punto TESP” na anualidade 2022.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención e que se incorpora ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Quinto.- *Proposta relativa ao convenio da subvención excepcional outorgada pola Excmá Deputación Provincial de Lugo á Mancomunidade Concellos da Mariña, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado “Plan de sostenibilidade turística (PST) da Mariña Lucense.” nas anualidades 2022 e 2023.*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder á Mancomunidade Concellos da Mariña co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados do proxecto denominado Plan de Sostenibilidade Turística (PST) da Mariña Lucense, polo importe de 81.000,00 € , constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

1. Informe emitido pola Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

2. Existencia de convenio regulador da concesión, elaborado na Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo) que instrumenta a subvención antes mencionada.

3. Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2021.

4. Informe da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

5. Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2022.

6. Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

Aplicando o establecido no artigo 8 LXS e na base 24.2 das Bases de Execución do Orzamento 2022 e tendo en conta os informes precedentes emitidos polos distintos servizos da Deputación, esta proposta de subvención encaixa dentro da 3,1-) “Turismo” apartado d), titulada “Outras actuacións específicas” da Área de Réxime interior, Promoción do Territorio e Turismo (Servizo de Turismo), do P.E.S. da Deputación de Lugo 2020-2022, aprobado por Resolución de presidencia de data 2 de abril de 2020, e actualizado por acordo da Xunta de Goberno de data 4 de febreiro de 2022.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Outorgar a subvención directa excepcional, por importe de 81.000,00 € a favor da entidade “Mancomunidade Concellos da Mariña” para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Plan de sostenibilidade Turística (PST) da Mariña Lucense”, subvención incluída na liña 3.1- apartado, d), que leva por título “Outras Actuacións Específicas”, Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Turismo), do PES vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto plurianual polo importe total de 81.000,00 €, que se desagrega en 40.000,00€ para a anualidade 2022 e 41.000,00 € para a anualidade 2023, a favor da entidade Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, para sufragar gastos derivados da actuación denominada “Plan Sostenibilidade Turística (PST) da Mariña Lucense”, con cargo a aplicación orzamentaria 4320.763 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022.

Na anualidade do 2023 figura crédito adecuado e suficiente no orzamento inicialmente aprobado polo Pleno o 29 de novembro de 2022.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se instrumenta a citada subvención, elaborado na Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, (Servizo de Turismo), e que se adecúa ao convenio tipo aprobado por esta Deputación.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sexto.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para o fin comun denominado “Pista de xeo en Vilalba Nadal 2022” (anualidade 2022).*

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

“En relación co escrito, presentado por doña Elba Veleiro Fernández con NIF: ***2471**, en nome e representación do Concello de Vilalba, con CIF: P-2706500-B (RE, nº: 2022RT014582 con data 04/11/2022), emendado con posterioridade, mediante o que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Vilalba e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común no proxecto denominado “Pista de Xeo en Vilalba Nadal 2022”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para o desenvolvemento do fin común no proxecto denominado “Pista de Xeo en Vilalba Nadal 2022” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”



Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2. A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscripción do convenio interadministrativo se refiren a unha actividade de ocio novidosa e pioneira na comarca da Terra Cha, denominada Pista de xeo en Vilalba Nadal 2022.

En canto á necesidade e oportunidade deste convenio, pretende instalarse unha pista de xeo na praza da Constitución da vila de Vilalba nos días 25 de decembro de 2022 ao 8 de xaneiro de 2023, nunha época como o Nadal, a fin de servir de foco de atracción turística, deportiva e de lecer, que sirva de revulsivo para potenciar o comercio local e a hostalería.

No Nadal celébrase unha das festividades máis importantes do cristianismo, no que a Igrexa católica conmemora o nacemento de Xesús o 25 de decembro. Esta solemnidade relixiosa vai acompañada dunha serie de tradicións e costumes populares, dado que nesta época as rúas, avenidas, prazas e parques transfórmanse en escenarios para o lecer dos habitantes do lugar e dos visitantes, mediante a colocación de alumeados coloridos nas rúas máis concorridas, que serve de foco de atracción dos visitantes e dos turistas, e que propicia o consumo no comercio e na hostalería.

En consecuencia, considérase unha actividade de interese xeral, en virtude da promoción do lecer saudable, a potenciación da campaña de Nadal, o apoio ao comercio e hostalería local, o fomento do deporte aberto a todas as idades e a dinamización do turismo que se pretende co mesmo, enfocado á promoción do territorio.

En canto ao impacto económico do convenio, neste momento non se pode cuantificar con exactitude a rendibilidade final, mais a realización dunha acción deste tipo favorece o movemento económico, en canto que produce a mobilización da poboación que demanda actividades turísticas e de lecer nunha época como o Nadal, na que estas se poden desenvolver; igualmente, fomentará que o desenvolvemento socio-económico da zona e a súa diversificación.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en



contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A aportación económica da Deputación de Lugo ascende a 10.000,00 €, o que representa o 22,18% da actuación; outras entidades, como son Entrepinares e Lactalis, achegan 3.000,00 € e 1.000,00 €, respectivamente, que representan o 8,89%. O Concello de Vilalba achega un 68,93%, 31.073,04 €, sen prexuízo de que aporte o importe que reste e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes no proxecto denominado “Pista de Xeo en Vilalba Nadal 2022” (anualidade 2022). É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno da Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns no proxecto “Pista de Xeo en Vilalba Nadal 2022” (anualidade 2022) por importe total de 45.073,04 €.

2º.- Aprobar o gasto de 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, a favor do Concello de Vilalba, para sufragar os gastos derivados do proxecto “Pista de Xeo en Vilalba Nadal 2022” (anualidade 2022)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Sétimo.- *Proposta de aprobación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros que ten por obxecto cooperar no financiamento da “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Para os efectos de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros para a execución dos fins común de “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)”, consta no expediente :

1. Solicitud do Concello de Barreiros con número de expediente no GTM: 2022/PES_03/023883 que inclúe ademais:

- a. Proxecto- memoria valorada do investimento.
- b. Declaracións responsables relativas a non existencia de débedas e ás obrigas a asumir polo Concello de Barreiros e os certificados correspondentes.

2. Informe do servizo de Deportes relativo ao referido expediente.

3. Memoria de impacto económico.

4. Borrador de convenio.

Á vista así mesmo, do informe do Servizo de Contratación e Fomento.

E do informe do servizo de Intervención de Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:



1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Barreiros, para a realización conxunta dunha actividade, na que conflúen os respectivos títulos competenciais, para o fin común de “Adecuación e estabilización pista de pádel. San Miguel de Reinante (Barreiros)” por importe total de 56.126,33 €, dos que 53.320,01 € serán a cargo da Deputación de Lugo e 2.806,32 € a cargo do Concello de Barreiros.

2º.- Aprobar o gasto por importe de 53.320,01 € con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2022, a favor do Concello de Barreiros, en concepto da achega económica comprometida pola Deputación no marco do devandito convenio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Oitavo.- *Proposta de aprobación de addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes no “Proxecto de mellora de dotacións no campo de deportes municipal”.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que con data 5 de decembro de 2022 se asinou o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes no “Proxecto de mellora de dotacións no campo de deportes municipal”, aprobado por acordo de Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 18 de novembro de 2022.

Tendo en conta que na súa virtude, o Concello de Viveiro comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 23 de decembro de 2022. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a

respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio e, en todo caso, como data límite do 31 de marzo de 2023 para a xustificación.

Á vista de que expediente 2022/PES_03/019731, en data 19/12/2022, e ao abeiro do disposto na cláusula sexta do amentado convenio, a representante legal do Concello de Viveiro presentou ante o rexistro telemático da Deputación de Lugo solicitude de modificación do convenio asinado no que atinxe á cláusula terceira no referido á data límite de execución dos investimentos e á cláusula cuarta no relativo á data de xustificación, motivada nas circunstancias derivadas do procedemento de adxudicación sobrevidas, e por tanto, a imposibilidade de realizar a actuación prevista nos prazos recollidos no convenio asinado.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Viveiro para a execución dos fins comúns consistentes no “Proxecto de mellora de dotacións no campo de deportes municipal”, aprobado por acordo de Xunta de Goberno da Deputación de Lugo de 18 de novembro de 2022, e anexa ao expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA VALIDACIÓN DO GASTO EN RELACIÓN CON DIVERSAS FACTURAS.



Informe- proposta de validación do gasto, do Servizo da Granxa Gayoso Castro, en relación ca omisión de fiscalización de obrigas fora de contrato polo importe de 3.878,61 €.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Recursos Sostibles, do seguinte teor:

“O obxecto da presente proposta refírese ás facturas que seguidamente se relacionan, que foron conformadas polos responsables do Servizo da Granxa Gayoso Castro, acreditándose polo tanto a súa efectiva realización:

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
2022/22 000559	LUGUESA DISTRIBUIDORA DE GASOLEOS S.L.	27-09-2022	TOTAL 1.921,68 € BASE IMPOÑIBLE 1.861,88 €+ IVE 391,00 € (BONIFICACION LEY 6/2022 331,20 €)	(27/09/22)SUBMINISTRO 1656LITROS GASOLEOB PARA A GRANXA PROVINCIAL 2022/FAC_01/003168	Subministros	27-09-2022
2022/22 000627	LUGUESA DISTRIBUIDORA DE GASOLEOS S.L.	03-11-22	TOTAL 1.956,93 € BASE IMPOÑIBLE 1.864,24 €+ IVE 391,49 € (BONIFICACION LEY 6/2022 298,80 €)	(03/11/22)ADQUISICION GASOLEO B AGRODIESEL PARA OS VEHICULOS GRANXA PROVINCIAL 2022/FAC_01/003712	Subministros	03-11-22
TOTAL			3.878,61€			

Vistas memorias xustificativas emitidas polo Servizo da Granxa Gayoso Castro manifestando que se realizaron as prestacións correspondentes, que se axustan ao prezo de mercado e que se manteñen as condicións do contrato.

Vistos informes do Servizo de Contratación e Fomento.

Vistos informes de Intervención.

Vistas Resoluciones da Presidencia de datas 15-12-2022 nas que se aproban que se continúe co procedemento e que se eleve á Xunta de Goberno a validación do gasto polo importe de 3.878,61€ segundo a base 20.2 e 4. c de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas o recoñecemento da abriga e proposta de pagamento polo importe da mesma.

Por canto antecede, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Validar o gasto, aprobando as prestacións executadas, recoñecendo as obrigas e propoñendo o pagamento das seguintes facturas, por un importe total de: 3.878,61€

Nº DE FACTURA	ACREEDOR	DATA FACTURA	IMPORTE	OBXECTO DO GASTO EXPEDIENTE GTM	NATUREZA XURIDICA	DATA REALIZACIÓN
2022/22 000559	LUGUESA DISTRIBUIDORA DE GASOLEOS S.L.	27-09-2022	TOTAL 1.921,68 € BASE IMPOÑIBLE 1.861,88 €+ IVE 391,00 € (BONIFICACION LEY 6/2022 331,20 €)	(27/09/22)SUBMINISTRO 1656LITROS GASOLEOB PARA A GRANXA PROVINCIAL 2022/FAC_01/003168	Subministros	27-09-2022
2022/22 000627	LUGUESA DISTRIBUIDORA DE GASOLEOS S.L.	03-11-22	TOTAL 1.956,93 € BASE IMPOÑIBLE 1.864,24 € + IVE 391,49 € (BONIFICACION LEY 6/2022 298,80 €)	(03/11/22)ADQUISICION GASOLEO B AGRODIESEL PARA OS VEHICULOS GRANXA PROVINCIAL 2022/FAC_01/003712	Subministros	03-11-22
TOTAL			3.878,61€			

Total: 3.878,61€.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA O ENCARGO ESTABLECIDO ENTRE A DEPUTACIÓN E DE LUGO Á EMPRESA DE TRANSFORMACIÓN AGRARIA, S.A., S.M.E, M.P. (TRAGSA), PARA O MANTEMENTO DE ZONAS VERDES DE TITULARIDADE PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Medio Ambiente, do seguinte teor.

“Dende o pasado 1 de xaneiro de 2021, véñense desenvolvendo os traballos de mantemento de zonas verdes de titularidade Provincial, recollidos no encargo aprobado en Xunta de Goberno de 18 de decembro de 2020.

No devandito encargo recóllese a posibilidade de efectuar unha posible prorroga do mesmo, mais concretamente, como se recolle na cláusula oitava do acordo da xunta de goberno realizado o 18 de decembro de 2020, cuxo teor literal recolle:

“Oitava.- Duración.



Este encargo terá vixencia por dous (2) anos e será prorrogable no caso de ser necesario por 1 ano mais outro, baixo a vontade da Deputación de Lugo, cómpre indicar que as prórrogas se as houbera suporán o mesmo custe anual que o marcado para a duración inicial deste contrato.”

Segundo o que se recolle anteriormente, procedería a realización da devandita prórroga por un (1) ano, xa que considérase comprobado que as características deste encargo permanecen inalterables durante a duración do encargo que finaliza o 31 de decembro de 2022.

Esta inalterabilidade xustifícase, por unha banda porque as necesidades en relación co mantemento das zonas verdes de titularidade Provincial, continúan sendo as mesmas xa que, non se engaden novos puntos de actuación.

E por outra banda, que a posición da Deputación nos convenios de mantemento das zonas verdes que forman parte do encargo a TRAGSA e que derivaron no establecemento do encargo vixente, segue sendo a mesma e polo tanto, maniféstase unha necesidade de continuar con estes traballos.

Asemade, nesta prórroga non se verán modificados os prezos que se recollen e que fundamentan o encargo realizado con data 18 de decembro de 2020, non sendo necesaria unha revisión de prezos, e polo tanto, garántese a inalterabilidade do encargo permitindo a súa prórroga ou extensión.

Polo tanto, considerándose probado a necesidade de continuar cos traballos recollidos no encargo aprobado na Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, de data 18 de decembro de 2020 a favor da Empresa TRAGSA, para a realización dos traballos de mantemento de zonas verdes de titularidade Provincial, e existindo a posibilidade de facer efectiva unha prórroga segundo o establecido no apartado ou cláusula oitava do devandito encargo, por outro (1) ano, dende o 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, para garantir a continuidade da labor realizada ata o de agora e polo tanto que se poida continuar dando o servizo recollido nos termos do encargo.

Esta prórroga ascendería a un total de oitocentos cincuenta mil euros (850.000 €), cuxos custos se reflicten a continuación:

RESUMO XERAL DE ORZAMENTO		
CAPÍTULO	RESUMO	IMPORTE EUROS
1	PERSOAL XARDINERÍA	538.292,64
2	PERSOAL CONSTRUCCIÓN	78.117,46
3	COORDINACIÓN EQUIPO	34.719,96
4	SEGURIDADE E SAÚDE	25.672,84
5	XESTIÓN DE RESIDUOS	3.695,44
6	MEDIOS AUXILIARES, MANTEMENTO E PEQUENO MATERIAL	58.471,45
	Costes directos totais	738.969,79
	7,50 % Costes indirectos s/738.969,79	55.422,73
	7,00 % Gastos Generales s/794.392,52	55.607,48
	Total Orzamento de Execución Material	850.000,00
	Total Orzamento de Execución por Administración	850.000,00

Por todo o anteriormente exposto:

Proponse:

1º.- Aprobar a prórroga establecida no apartado ou cláusula oitava do encargo, por un (1) ano, dende 1 de xaneiro de 2023 ata 31 de decembro de 2023, para garantir que se pode continuar coa labor realizada ata o de agora e se manter o servizo recollido nos termos do encargo aprobado en Xunta de Goberno de 18 de decembro de 2020 para a realización dos traballos de mantemento de zonas verdes de titularidade Provincial. A duración desta prórroga do encargo será polo tanto, dende 1 de xaneiro de 2023 ata o 31 de decembro de 2023.

2º.- Aprobar o gasto anticipado que ascende a 850.000,00 €. O gasto financiarase con cargo a anualidade 2023, figurando crédito dispoñible no orzamento inicialmente aprobado no Pleno do día 29 de novembro de 2022.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/044, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:



“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/044, correspondente á Agrupación de veciños de Casares (As Nogais), destinada as obras de “Mellora e acondicionamento de camino de acceso”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Manuel López Díaz, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 33,53% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación de Veciños de Casares (As Nogais), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/044, destinada ás obras de “Mellora e acondicionamento de camino de acceso” por un importe de 2.011,63 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/070,

OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/070, correspondente á Comunidade de Usuarios de Augas de Vilaverde, (Navia de Suarna), destinada as obras de “Traída de auga para uso doméstico e gandeiro”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Luis Pérez Méndez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Comunidade de Usuarios de Augas de Vilaverde (Navia de Suarna), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/070, destinada ás obras de “Traída de auga para uso doméstico e gandeiro” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/071, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/071, correspondente ao MVMC de Vilaxuste (Portomarín), destinada as obras de “Acondicionamento do recinto multiusos”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Gerardo Salvador Pardo, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 45,08% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC de Vilaxuste

(Portomarín), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/071, destinada ás obras de “Acondicionamento do recinto multiusos” por un importe de 2.704,77 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/083, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/083, correspondente á Asociación de veciños e veciñas Santa Comba de Órrea (Riotorto), destinada as obras de “Acondicionamento e recuperación da fonte e creación de área de lecer”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.510,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Óscar Fernández Fernández, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 74,22% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.



Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Asociación de veciños e veciñas Santa Comba de Órrea (Riotorto), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/083, destinada ás obras de “Acondicionamento e recuperación da fonte e creación de área de lecer” por un importe de 4.089,75 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/097, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/097, correspondente á SOFOR Santa Juliana S.L. (A Fonsagrada), destinada as obras de “Mellora da accesibilidade e humanización de espazos en Santa Juliana”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.689,96 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Por Resolución da Presidencia de data 25 de outubro de 2022 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.844,98 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Terceiro.- María Esther Sánchez Barreiro, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Cuarto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da SOFOR Santa Juliana S.L. (A Fonsagrada), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/097, destinada ás obras de “Mellora da accesibilidade e humanización de espazos en Santa Juliana” por un importe de 5.689,96 €, así como o aboamento de 2.844,98 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/120, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/120,



correspondente ao MVMC Pousada (Baleira), destinada as obras de “Mellora de camiños”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.650,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Angela Tallón Abelleira, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa (a parte efectiva da actuación é de un 82,39% da subvención concedida), emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor do MVMC Pousada (Baleira), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/120, destinada ás obras de “Mellora de camiños” por un importe de 4.655,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/131, OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/131, correspondente á Agrupación de Veciños de Cela (Cervantes), destinada as obras de “Mellora e acondicionamento de camiño de acceso a fonte”, concedéndolle unha subvención por importe de 6.000,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Jesús Digón Rodríguez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación de Veciños de Cela (Cervantes), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/131, destinada ás obras de “Mellora e acondicionamento de camiño de acceso a fonte” por un importe de 6.000,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2021/135,



OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

Primeiro.- Con data 15 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución definitiva da concesión das subvencións, na cal se inclúe a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/135, correspondente á Agrupación de Veciños de Ferreidevés (Cervantes), destinada as obras de “Rehabilitación da fonte e do seu entorno”, concedéndolle unha subvención por importe de 5.985,00 €, incluída no Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2021.

Segundo.- Fermín Alba Gómez, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 23 de xullo de 2021.

Terceiro.- Sobre a conta xustificativa xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 15 de xullo de 2022 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da Agrupación de Veciños de Ferreidevés (Cervantes), tramitada co número de expediente SUBDOT-2021/135, destinada ás obras de “Rehabilitación da fonte e do seu entorno” por un importe de 5.985,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PERDA DO DEREITO, DO CONCELLO BECERREÁ, Á ACHEGA DA LIÑA FOMENTO DO EMPREGO - PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2021.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Tendo en conta que o 10.02.2022, con nº RE.: 2021RT001098, o Concello de Becerreá solicitou dentro do Programa Fomento do Emprego 2021 (Plan de Cooperación con Concellos), os seguintes postos:

Nº POSTOS	CATEGORÍA PROFESIONAL	GASTOS SALARIAIS	PRAZO DE CONTRATACIÓN	RÉXIME APLICABLE
1	Grao en enxeñaría de edificación (arquitecto técnico)	10.147,34	9 meses media xornada	Persoal laboral temporal
1	Tractorista GC 08	15.12183	9 meses xornada completa	Persoal laboral temporal
2	Peóns GC 09	28.565,96	9 meses xornada completa	Persoal laboral temporal

Aportación da Deputación Provincial: 48.408,25 €.

Aportación do Concello: 5.426.88 €.

Suma total: 53.835,13.

Tendo en conta que vencida a data limite para presentar a conta xustificativa, o 25.11.2022 requírese o Concello que alegue ou presente os documentos xustificativos que estime pertinentes.

Tendo en conta que transcorrido o prazo sen recibir documentación, nesta Sección, enténdese que en aplicación da disposición adicional cuarta, procederá a perda do dereito a percibir a financiación concedida.



Tendo en conta que o Concello non solicitou ni recibiu anticipo da liña Fomento do Emprego 2021.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

Aprobar a perda do dereito a percibir a financiación concedida o Concello de Becerreá da liña Fomento do Emprego (Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA “COÑECE A TÚA PROVINCIA” (ANUALIDADE 2023).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que no expediente de referencia figura, entre outra, a seguinte documentación:

Informe do Servizo de Turismo no que se pon de manifesto a necesidade de aprobar as bases que rexerán a convocatoria do programa Coñece a túa Provincia para a súa execución durante o ano 2023 co fin de dar cumprimento ao acordo de Xunta de Goberno de data 14 de maio de 2021 e ao contrato administrativo suscrito coa empresa adxudicataria, así como á súa prórroga.

Acordo da Xunta de Goberno de 14 de maio de 2021 polo que se aproba o programa Coñece a túa Provincia para executar durante os anos 2021-2022, sendo prorrogable por outro ano máis (2021/XEN_01/000771).

Contrato administrativo suscrito en data 30 de agosto de 2021 entre a Deputación de Lugo e empresa Nautalia Viajes S.L., en cuxa cláusula terceira se recolle, textualmente: “A duración do

contrato comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscrición da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP, ata o 31 de decembro do 2022, con posibilidade de prórroga ata o 31 de decembro de 2023". (2021/CON_02/000013).

Decreto de data 25 de outubro de 2022 polo que se aproba a prórroga do contrato suscrito con Nautalia Viajes S.L. ata o 31 de decembro de 2023. (2021/CON_02/000013).

Informe de Intervención (Contabilidade e Contas).

Tendo en conta canto antecede, a Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a exención do prezo público por actividades de promoción turística organizadas pola Deputación Provincial no marco do programa Coñece a túa Provincia 2023 (de acordo co disposto no artigo 8º da Ordenanza reguladora do prezo público para actividades de promoción turística da Deputación de Lugo, aprobada por acordo plenario de data 25.05.2010).

2º.- Aprobar as bases reguladoras e a convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para a anualidade 2023.

3º.- Aprobar a publicación das bases e da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia para anualidade 2023 no Boletín Oficial da Provincia de Lugo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO JVM 1463/2022.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:



“Vista a cédula de emprazamento do Xulgado de 1ª Instancia nº5 de Lugo relativa ao procedemento: Juicio verbal resol. contrato reserva dominio 1463/2022 promovido por Dª María José Rouco Gil fronte á Deputación en materia de “tercería de dominio”, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

2º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído á compañía aseguradora, se fora preciso.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.